


Descrición do recorrido

A ruta que imos facer ofrécenos a oportunidade de coñecer unha das zonas máis interesantes do municipio de Baleira. Afastada dos grandes núcleos de poboación e de vías de comunicación relevantes, mostra unha paisaxe rica e case virxe nunha das zonas máis descoñecidas de Galicia.

O traxecto discorre por pistas, canles, sendeiros e camiños de paso tradicionais, percorrendo as beiras do Eo ata chegar a Cortevella, onde nos sorprenderá cos seus meandros, podendo gozar da fermosa paisaxe fluvial que o río deixa ao seu paso. O percorrido tamén nos permitirá visitar a coñecida Fraga da Marronda, exemplo excepcional de bosque autóctono galego, en perfecto estado de conservación, que ocupa unha extensión de 611ha. entre as aldeas da Braña, Fórneas, Mendreiras, O Real e Martín. Este espazo natural protexido de gran valor ecolóxico, está incluído na "Rede Natura 2000" e declarado Reserva da Biosfera, constituíndo unha das máis importantes reservas de faias da Europa sudoccidental.

Partimos da aldea de San Paio, onde comezamos a subir suavemente, en dirección oeste, ata o monte de Pena Pechada. Xa no alto, a ruta toma dirección norte por unha pista de terra, que nos leva cara a Pena da Raia e ao Lombo de Soutambío. Seguindo a parte alta do monte, entre plantacións arbóreas, o camiño chega á pista da Marronda, por onde chegamos á Fraga que percorremos a través da citada pista. O camiño mantense aproximadamente á mesma altura ata chegar a Chao do Couso, onde abandonamos a pista para enlazar cun camiño que vai pola cara este do Pico descendendo cara Mendreiras, pequena aldea que conta con interesantes construcións tradicionais. Saímos pola parte alta do pobo e ascendemos ao alto do monte que circunda a aldea. Desde aquí comeza o descenso por un sendeiro con vistas á aldea de Cortevella, área recreativa, e meandros do río Eo. Saímos á estrada e en poucos metros alcanzamos a área recreativa de Cortevella, onde poderemos descansar e relaxarnos uns minutos. Deixamos atrás a área recreativa e internámonos por un sendeiro que discorre paralelo ao río. Comeza aquí a parte máis bela de todo o percorrido que nos levará por mestos bosques, entre os que destacan impresionantes soutos con numerosas ouriceiras (construcións para almacenar as castañas). O sendeiro atravesa en ocasións bonitas pontes de madeira, podendo gozar do fantástico entorno que nos ofrece o río Eo, nunha zona totalmente tranquila e illada, acompañados só do rumor da auga. Nun punto, separámonos do río e comezamos a ascender ata coller o desvío que nos conduce a suxestiva "Senda dos Cazadores", tramo espectacular que nos leva por un estreito sendeiro con boas vistas dos vales circundantes, ata desembocar de novo preto do río, para un pouco máis adiante entrar na bonita aldea de Cabreira, onde visitaremos a capela da Pastora. Continuamos o camiño ata chegar, en pouco tempo, a ponte de Naseiro, e logo a Sampaio, final desta interesante e atractiva ruta.

Mapa de situación



Distancia: 20,8 Kms.

Desnivel acumulado: 889 mts.

Dificultade: Media Alta

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ **19-21 de junio 2015:** Picos de Europa (AS)
- ✓ **28 de junio 2015:** Recorriendo O Vicedo (LU)
- ✓ **13 de septiembre 2015:** Arredores de Boiro (CO)
- ✓ **19-20 de septiembre 2015:** Arredores da Guardia (PO)
- ✓ **4 de octubre 2015:** Arredores de Arnoia (OU)
- ✓ **10-12 de octubre 2015:** Serra da Freita (Portugal)
- ✓ **25 de octubre 2015:** Arredores da Merca (OU)
- ✓ **15 de noviembre 2015:** Souto de Cruzul (LU)
- ✓ **13 de diciembre 2015:** De Corme a Ponteceso (CO)

Este calendario es orientativo y, puede estar sujeto alguna modificación a lo largo de su desarrollo, tanto en el trayecto, como en la fecha, por lo que se recomienda, consultar la web del club para mas detalles



Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



7 de junio de 2015

FRAGA DE A MARRONDA - ALTO EO

PR-G 145
(LUGO)

